

Remitente:



As súas maxestades
Os Reis Magos de Oriente



Queridos Reis Magos:

*Benqueridos nenos e nenas!
A maxia dos Reis Magos está a punto de activarse...
Esa maxia serve para repartir alegrías e agasallos e poder comunicarse
ca cativada en máis de 7000 linguas que enchen o mundo de colorido
e diversidade.*



Por iso se poñen tan contentos cando ven cartas escritas en galego, porque poden practicalo e melloralo, así que

PIDE OS TEUS AGASALLOS EN GALEGO: SEGURO QUE TE SORPRENDERÁN!



G



VAI VIR O APALPADOR

CANTIGA DO APALPADOR

***Vaite logo, meu meniño,
marcha agora pra caminha,
que vai vir o Apalpador
a palparche a barriguiña.***

Dende o Servizo de Normalización Lingüística defendemos a recuperación das tradicións galegas e a súa transmisión aos nosos fillos e fillas, polo que vos pedimos colaboracións ás nais e pais para que lles abrades as portas das vosas casas a este personaxe da nosa terra.

O Apalpador é un home de barba rubia, un vello xigante, que vive nas devesas das altas montañas facendo carbón durante todo o ano para escorrentar o frío do inverno. No seu tempo de lecer o Apalpador fai xoguetes artesanais con madeira, pedra, cartón..., respectuosos co medio natural.

*O Apalpador visita as casas o 31 de decembro, polo que é totalmente compatible coa visita do Papá Noel e os Reis Magos. O estudo dos textos literarios onde aparece reflectida a súa presenza fala de que lle tocaba a barriguiña aos nenos e nenas para ver se a tiñan chea, e deixáballes unhas castañas para a fame. Afortunadamente a nosa cativada ten cuberta a necesidade da alimentación, pero gustaríanos manter esta tradición pedíndovos que **a noite do 31 de decembro** lle abrades a porta para que poida deixar calquera froito seco de forma simbólica, como "fritos da sorte para o ano novo". O Apalpador tamén pode deixarlle un xoguetiño feito a man potenciando deste xeito que valore o material de reciclaxe, para estimulalos a facer os seus propios xoguetes... **FELIZ 31 DE DECEMBRO! FELIZ DÍA DO APALPADOR!***

VIVE O NADAL EN GALEGO!
